

## **CLAVES DE REFERENCIA PARA OS PROCESOS LEXISLATIVOS DE SERVIZOS SOCIAIS NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

### **RESPONSABILIDADE PÚBLICA - RESERVA DE DENOMINACIÓN**

Aínda que practicamente todas as leis sobre Servizos Sociais falan de Responsabilidade Pública, non todas teñen o mesmo enfoque: nalgúñas limitáanse a sinalar como responsabilidade pública a obriga das Administracións Públicas a dispoñer dos recursos económicos, técnicos e humanos necesarios para dar resposta ás situacións de desvantaxe persoal e social, mentres que outras falan ademais de "responsabilidade" e de "garantía".

Desde a nosa profesión debemos apostar (como tamén fan xa algunhas comunidades, como Andalucía, Cantabria, Castela-León, Extremadura, A Ríoxa, Madrid ou o País Vasco) non só por este enfoque, senón polo mantemento do ámbito de competencias propias, insistindo nun punto que se deu en chamar "reserva de denominación", que non é outra cousa que atribuír só á Administración Pública aquelas competencias que lles son propias e non poden delegarse noutras entidades ou institucións privadas.

### **INSISTENCIA NA PROXIMIDADE E NO ENFOQUE INTEGRAL**

Cómpre insistir nun enfoque de intervención familiar, grupal e comunitario, de proximidade, que facilite a integración na contorna social habitual e que teña en conta tanto a prevención primaria como secundaria, así como o desenvolvemento de actuacións encamiñadas a permanencia e ao adecuado desenvolvemento das persoas usuarias na súa contorna.

A presenza de profesionais da Psicoloxía garante o desenvolvemento dunha atención integral e de calidade ao cubrir elementos que non se cobren desde outras perspectivas.

Apostamos por un modelo social e de intervención que sitúe as persoas no centro e que á vez equilibre as análises, considerando que o que está enfermo en múltiples ocasións son os contextos ou os ambientes e, por tanto, sería o que habería que cambiar.

### **EQUIPO BÁSICO (TÉCNICO) DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS**

O **Equipo Técnico Interdisciplinar** debe constituír a unidade técnica básica mínima dos Servizos Sociais Comunitarios e estará composto, polo menos, por profesionais da Psicoloxía, do Traballo Social e da Educación Social. Este ETI debe estar garantido como dereito subxectivo.

A cada persoa, familia ou colectivo que acceda ao Sistema Público de Servizos Sociais asignaráselle un Equipo Técnico Interdisciplinar e, dentro do mesmo, un/unha profesional de referencia de entre as disciplinas definidas no punto anterior de acordo coas características do caso.

## PROFESIONAIS DE REFERENCIA

Consideramos este aspecto un punto chave, xa que ao/á “profesional de referencia”, citando especificamente os/as traballadores/as sociais, atribúenselle nalgunhas das leis unha serie de funcións específicas, sobre todo en atención primaria, desenvolvidas ata agora por diferentes profesionais da intervención social (traballadores/as sociais, educadores/as e psicólogos/as, sobre todo).

O intento de favorecer unha profesión por riba doutras, tal como aparece no Catálogo de Referencia dos Servizos Sociais do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade cos/as traballadores/as sociais, non responde a criterios obxectivos de necesidades da poboación, como quedou demostrado nos trinta anos nos que psicólogos/as vimos desenvolvendo o noso labor nos servizos sociais comunitarios.

Este enfoque restritivo supoñería que a decisión de cuestións fundamentais da intervención social quedaría baixo un só criterio profesional o cal non garantiría as mellores prestacións e servizos á poboación en función das súas necesidades.

## EQUIPOS TÉCNICOS DA ADMINISTRACIÓN

A valoración, o diagnóstico e a intervención ante situacións que requiren unha alta especialización técnica e interdisciplinar, nunca deberían realizarse por equipos subvencionados, senón por **equipos propios da administración**, dada a importancia das devanditas valoracións, diagnósticos e intervencións interdisciplinares especializadas en ámbitos como o abuso sexual infantil ou o acollemento familiar. Así mesmo, os equipos técnicos dos servizos sociais especializados deberían ser interdisciplinares e incorporar profesionais das distintas disciplinas directamente involucradas nas situacións que atenden.

## COCIENTE E MAPA DE SERVIZOS SOCIAIS

A atención psicolóxica no social está a ser relegada nos últimos anos de maneira incompresible e o cociente de presenza de psicólogos segue diminuindo

progresivamente. Un cociente dun psicólogo por cada 10.000 habitantes sería o óptimo neste ámbito profesional. (Esta é a nosa proposta).

## **PRESTACIÓNS/SERVIZOS GARANTIDOS - DEREITO SUBXECTIVO**

A importancia da consideración de dereito subxectivo das prestacións garantidas radica en que pasan a ser esixibles polas persoas que cumpran os requisitos das devanditas prestacións ou servizos ante os xuíces se a Administración non responde.

Entendemos que debe ser contemplada como prestación garantida a atención psicolóxica, e non só como aparece nalgunha lei "apoio psicosocial", que cremos insuficiente para determinar que só un/unha profesional da psicoloxía pode exercer tal servizo.

A intervención psicolóxica centrarase en intervir en niveis individuais, relacionais e comunitarios desde unha perspectiva integral baseada no empoderamento e a resiliencia, desde a diversidade, a interculturalidade e a interdisciplinariedade.

A psicoloxía e os psicólogos e psicólogas poden e deben contribuír a construír un novo ámbito dos Servizos Sociais desde un enfoque relacional, participativo, comunitario, activador e proactivo.

Facémolo desde unha perspectiva científica e ao tempo desde a intervención comprometida coa realidade, desde a nosa perspectiva psicolóxica e social, que é ao mesmo tempo reflexión, predición e explicación do que ocorre combinando variables micro ou psicolóxica con macro ou sociolóxica.

## **PAPEL DA INICIATIVA PRIVADA**

Ante calquera proposta de Lei debe quedar claro que os servizos de valoración, os que establezan o acceso ás prestacións e aos servizos do Sistema e aqueles que leven o exercicio de autoridade, serán xestionados polas Administracións Públicas competentes, sen que poidan ser obxecto de delegación, contratación ou concerto con entidades privadas. Da mesma forma será de xestión directa pola Administración calquera outro servizo que se considere de importancia estratéxica para o Sistema.

É preocupante o papel que se lle dá á iniciativa privada (mesmo con ánimo de lucro) e a posibilidade de xestión indirecta de servizos a través da fórmula da CONCERTACIÓN, que sendo necesaria para traballar coas entidades locais, non debe servir de pantalla para unha privatización encuberta de servizos que deban ser administrados e proporcionados por empregados/as públicos/as.

*Atención aos conceptos de partenariado, patrocinio e mecenado, que queren introducir nas leis.*

## **ORGANISMOS DE XESTIÓN - EXEMPLO DA AXENCIA ANDALUZA DE SERVIZOS SOCIAIS / TRASPARENCIA NA XESTIÓN**

Debe quedar moi claramente especificado o papel da entidade/organismo/axencia... que xestionará os servizos, insistindo en que se realice sempre desde o propio organismo público competente en cada Comunidade Autónoma, e que se articulen os mecanismos de control na propia Lei, se é posible.

## **COORDINACIÓN / TRABALLO EN REDE**

A Lei debe contemplar tanto a necesaria coordinación con outras Administracións (Educación, Xustiza, Sanidade, etc.) como o traballo en rede, establecendo na mesma (ou no seu desenvolvemento legislativo posterior) os mecanismos que farán efectiva dita coordinación (protocolos, plans, programas, comisións, etc.).

## **PARTICIPACION DOS COLEXIOS PROFESIONAIS**

O desenvolvemento legislativo debe contemplar a participación activa dos colexios profesionais en aspectos como a definición das competencias profesionais, a ética profesional, o deseño de prestacións de servizos, así como para o catálogo de prestacións profesionais e, en xeral, en todos aqueles protocolos de actuación e desenvolvementos normativos que afecten á cidadanía en cuestións profesionais no ámbito da Intervención Social.

Así mesmo, propónse a creación dunha Comisión Institucional Consultiva coa Administración e os colexios para estar presentes nas políticas sociais onde os/as profesionais dos Servizos Sociais temos moita experiencia que achegar, especialmente no desenvolvemento dos plans estratéxicos.

## **USO DAS CLÁUSULAS SOCIAIS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS**

Segundo o espírito que xa iniciou a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que habilitaba legalmente a introdución de criterios sociais nos pregos de contratacións, as leis de Servizos Sociais deben reflectir tamén, na contratación pública e na concertación, o uso das cláusulas sociais.

Estas poden definirse como a inclusión de aspectos de política social nos procesos de contratación pública e, concretamente, a promoción de emprego para persoas en situación ou en risco de exclusión social co obxectivo de favorecer a súa incorporación sociolaboral. A inclusión de cláusulas sociais nos procesos de contratación pública pode facerse ben como requisito previo (criterio de admisión ou reserva de mercado), como elemento de valoración (criterio de adxudicación) ou como unha obrigaón inherente ao contrato (condición en fase de execución).

### DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO

Por último, non podemos esquecer que a aprobación dunha lei supón varios pasos previos que se inician nalgúns casos coa circulación de borradores da lei "informais", polo que aconsellamos desde o primeiro momento constituír un grupo de traballo para estudar os devanditos borradores, para que teñamos os "deberes feitos" cando o borrador oficial se faga público e se inicie o período de alegacións á lei.

O traballo deste grupo dará os seus froitos se o organismo autonómico competente contou con anterioridade co colexio profesional incluso antes de chegar a este punto (sería o desexable).

Mesmo cando a lei sexa aprobada, o realmente importante empeza despois, pois todas as Leis necesitan dun desenvolvemento legislativo, polo menos para a aprobación do catálogo de prestacións e servizos, do mapa que determina as cocientes de profesional por poboación, o plan estratéxico, e algúns aspectos relacionados cos protocolos e instrumentos (Historia Social Única, etc.).

No tempo que se implementa o desenvolvemento legislativo debemos seguir traballando e solicitando que o organismo competente en Servizos Sociais conte cos colexios profesionais.